

5. Máis información

5.1. CV EUROPASS

EUROPASS é unha iniciativa da Comisión Europea lanzada en 2005 para unificar nun formato único distintos tipos de documentos.

O máis coñecido é o CV para elaborar en pantalla, que serve para:

- Axudar ós cidadáns a presentar as súas capacidades e cualificacións de maneira eficaz para encontrar traballo e formación;
- Axudar ós empregadores a entender as capacidades e cualificacións dos traballadores;
- Axudar ás autoridades educativas e de formación a definir e comunicar o contido dos programas de estudo.

CV-EUROPASS

Requisitos

Para realizalo, só hai que entrar na web da plantilla do CV:

europass.cedefop.europa.eu

Elabórase o CV en pantalla, cubrindo distintas seccións coa información requirida e aportando certificacións cando sexa necesario.

Pódese variar a orde de algúns elementos do mesmo para adaptalo os nosos intereses.

Lugar

Web: ec.europa.eu

Centro Nacional Europass en España

C/ Gustavo Fernández Balbuena 13, 3ª planta, 28002 Madrid

Tel. +(34) 915 50 67 18

E-mail: europass@oapee.es

sepie.es